

BIVIR
Biblioteca virtual
de literatura universal en galego
<http://www.bivir.com>

HISTORIA DA SHOAH

Georges Bensoussan

Tradución ó galego: Xoán Garrido Vilariño

Título orixinal: Histoire de la Shoah



© desta edición electrónica, Asociación de Tradutores Galegos, 2005
© da tradución, Xoán Manuel Garrido Vilariño, 2005
© Presses Universitaires de France, 1996

Índice

INTRODUCCIÓN

Capítulo I - OS XUDEUS DE EUROPA: ENTRE O REXEITAMENTO E A INTEGRACIÓN

- I.- Elementos sobranceiros da exclusión
- II.- Os xudeus de Europa no período de entreguerras
- III.- Xudeus e Alemáns: Simbiose mítica e verdadeiro rexeitamento

Capítulo II - ALEMAÑA 1933-1939: A EXCLUSIÓN LEGAL

- I.- A Alemaña nazi: unha nación avasalada
- II.- A exclusión: 1933-1939
 - A exclusión política: as Leis de Nuremberg, 1935.-
- III.- O abandono: dende conferencia de Evían á “Noite de Cristal”
 - 1. A Conferencia de Evían: xullo de 1938.-
 - 2. A “Noite de Cristal” en Alemaña e en Austria

Capítulo III - POLÍTICA CAÓTICA: 1939-1941

- I.- As vacilacións
 - 1. O acoramento programado no Reich e en Polonia
 - 2. Emigración e arredamento.
- II.- Traslados e confinamentos: A morte programada do gueto
 - 1. Lodz e Varsovia.-
 - 2. Os Consellos Xudeus.-
- III.- A viraxe do verán de 1941: A primeira fase do xenocidio
 - 1. A creación dos *Einsatzgruppen*.-
 - 2. Os “Operativos de matanza móbiles”
- IV.- A decisión do xenocidio ?
- V.- O modelo do asasinato masivo : A “*Aktion T4*”

Capítulo IV - A “SOLUCIÓN FINAL”

- I.- Un asasinato masivo programado
 - 1. Organizar: a “Conferencia” de Wannsee (Berlín), 20 de xaneiro de 1942.-
 - 2. Planificar: censar, espoliar e deter.-
 - 3. Deportar.
- II.- Os centros de aniquilación
 - 1. A “*Aktion Reinhardt*”
 - 2. Auschwitz-Birkenau.-
- III.- A destrución sistemática do pobo xudeu
 - 1. A destrución das comunidades de Europa Central e dos Balcáns
 - 2. A destrución das comunidades de Europa Occidental.-
 - 3. Francia.-
- IV.- Que desaparezan as pegadas

CAPÍTULO V - RESISTIR ENTRE O SILENCIO DAS NACIÓNS

- I.- O silencio do mundo: quen o había de saber? Que se había de saber?
 - 1. O mundo xudeu
 - 2. Os Aliados.
 - 3. A Cruz Vermella, os Neutrais, o Vaticano e a información.-

- 4. E Alemaña?-
- II.- Os intentos de salvamento
 - 1. Os intentos do *Yishuv*.
 - 2. Os intentos dos anglosaxóns.-
 - 3. O abandono.-
- III.- Resistir?

Capítulo VI - A MODO DE RESUMO

- I.- O descubrimento do xenocidio
- II.- A destrución dun mundo
 - 1. Valoración en cifras.-
 - 2. Os superviventes.
- III.- Os xuízos
- IV.- Comprender?

CONCLUSIÓN

Bibliografía

INTRODUCCIÓN

**“O meu vocabulario é pobre de máis para describir a enormidade de semellante aniquilación dun pobo.”
Sh. Frank, *Journal du Ghetto de Lodz*, 1942¹**

**“Non existe historia máis difícil de contar en toda a historia da humanidade”.
H.Arendt, *L’image de l’enfer*, 1946².**

No período que vai dende 1939 até 1945, a Alemaña nazi asasinou entre cinco e seis millóns de xudeus europeos en medio do silencio case total do resto do mundo. Isto non o fixo soa, senón que estivo secundada por moitas complicidades. Faltoulle tempo para destruír o pobo xudeu na súa totalidade tal e como o decidira. Esta é a realidade brutal do xenocidio xudeu, en hebreo *Shoah*. A decisión de que o pobo xudeu “desaparecese”³ da terra, a determinación para decidir quen debe e quen non debe vivir no planeta conducida até ás súas últimas consecuencias, marcou a especificidade dunha empresa, única até a actualidade, que pretendía modificar a propia configuración da humanidade. Os contemporáneos percibiron o inaudito da situación⁴, pero o lento traballo de encubrimento da realidade histórica impediu durante moito tempo botar luz sobre a unicidade da destrución razoada dun pobo. Esta realidade pasou por moitas denominacións, dende masacre a holocausto e xenocidio, atopando finalmente o seu asentamento na palabra Shoah⁵ (tempestade, destrución, desolación), procedente da lingua litúrxica das comunidades aniquiladas.

Reconstruír a destrución dunha civilización resulta difícil dende o momento en que os planificadores do crime se esforzaron intensamente na destrución das pegadas. Agora ben, unicamente un coñecemento rigoroso permite realizar as preguntas axeitadas que eviten o anacronismo e os xuízos rápidos e tallantes. As anexións de Hitler de 1938 en primeiro lugar, logo as doadas vitorias da Alemaña entre 1939 e 1940, e sobre todo, a

¹ En *Le Monde juif*, núm. 154, maio de 1995.

² En *Auschwitz et Jérusalem*, Presses-Pocket, 1993, p. 152

³ H. Himmler, o día 6 de outubro de 1943 en Posen, discurso aos oficiais SS.

⁴ “Está fóra de toda dúbida de que se trata do crime máis grave e máis monstruoso xamais perpetrado na historia da humanidade”, escrito por W. Churchill e dirixido a Anthony Eden o día 11 de xullo de 1944.

⁵ E este termo hebraico substituíu na literatura xudía da catástrofe o termo *Hurban*, tamén hebreo (daquela falábase do terceiro *Hurban*, en referencia á destrución dos dous Templos).

guerra contra a URSS (Unión de repúblicas socialistas soviéticas) en xuño de 1941, deixaron baixo o dominio alemán o cerne do pobo xudeu europeo. A guerra aparece como fío condutor da traxedia. A presión ideolóxica do antisemitismo nazi, en tanto que elemento central da visión do mundo de Adolf Hitler canda a evolución do conflito militar, dan conta do abrupto cambio que se produce en setembro de 1941. Aos massacres que xa se perpetraran contra os xudeus de Polonia a partir do outono de 1939 e ás matanzas cada vez máis sistemáticas contra os xudeus da URSS dende o mes de xuño de 1941, séguelle a decisión de asasinar a todos os xudeus soviéticos, tamén no outono dese mesmo ano, e unhas semanas máis tarde, a orde de exterminar a todo xudaísmo europeo. O asasinato en masa do pobo xudeu resulta estar programada con moito tino e execútase realizando en primeiro lugar a definición do grupo de vítimas, logo o seu espolio, continúa coa concentración e deportación e remata co seu asasinato. A cronoloxía ben estruturada dos acontecementos reconstrúe a progresión o proceso dende o comezo até a súa fin. O que os alemáns designan coa expresión “Solución Final” desenvólvese rapidamente (só no ano 1942 foron asasinadas a metade das vítimas) e basicamente fóra do mundo concentracionario. O inmediato da execución, o relativo segredo que a rodea, e en fin, o carácter impensábel dos feitos paralizan a capacidade de pensar e reaccionar.

O estudo histórico ilumina o contexto en que se produce, sen o cal non hai posibilidade ningunha de que esta catástrofe se torne intelixíbel. Tamén destaca a preparación administrativa e técnica do asasinato en masa. O crime non foi perpetrado por un equipo de asasinos (dunha maneira ou doutra estarían implicados arredor dun millón de persoas), senón por toda unha sociedade. A destrución dos xudeus de Europa non é competencia só da historia alemá, senón que se inscribe dentro da herdanza de toda Europa, tanto polas súas raíces e os seus executores como pola propia xeografía do massacre.

E aínda que o antisemitismo do vello continente constitúe a semente de desprezo e do odio sen o cal nada sería posíbel, existiron outros factores que concorreron a desencadear a catástrofe, factores que teñen que ver con aspectos máis modernos dun Estado altamente civilizado.

Capítulo I

OS XUDEUS DE EUROPA: ENTRE O REXEITAMENTO E A INTEGRACIÓN

I.- Elementos sobranceiros da exclusión

A historia do xenocidio xudeu é inseparábel da crónica do antixudaísmo. O cristianismo triunfante outorgoulle ao rexeitamento dos xudeus a fasquía dun enfrontamento de tipo case identitario. Até o século XI, a situación dos xudeus da Europa cristiá fica marcada por unha coexistencia aínda posíbel. As primeiras agresións graves estouran coa prédica e a partida da primeira cruzada en 1095-1096. No século XII o discurso antixudeu cae na acusación diabólica, xa non se ve o xudaísmo unicamente como unha relixión anacrónica e ridícula. A era da tolerancia relativa rematou. A acusación de profanación de hostias conduce en Alemaña aos massacres de 1298 (cen mil vítimas). O pobo xudeu, polo simple feito de existir, é un desafío para a “verdadeira fe”, e no sucesivo, ha ser culpabilizado colectivamente. O seu rexeitamento canaliza a tensión relixiosa da cristiandade e, en tempos máis recentes, ha de darlle saída ás angustias nadas da modernidade.

A exclusión teolóxica primeiro, e logo práctica, estabelécese no contexto das Cruzadas. En 1215, o IV Concilio do Letrán imponse aos xudeus un símbolo distintivo (a rodela, que é un anaco de tea amarela). Gradualmente, prohibiránselles algunhas profesións aos xudeus, e entre 1350 (despois da peste negra) e 1500 o seu destino agrávase: perseguidos e confinados (créanse os primeiros guetos⁶ en Breslau -1266- e en Buda -1279-), estorcidos, humillados e obxecto de repetidas denuncias como a de realizar mortes rituais, profanar as hostias, envelenar os pozos, etc, e outros centos de reiterados atropelos, moitos abandonan Europa Occidental cara ao Leste (Polonia e Lituania) a partir do século XIII.

O cristianismo do segundo milenio subministroulle un modelo de rexeitamento á época moderna.

⁶ O termo é posterior á realidade: Venecia, 1516.

A industrialización e a urbanización rápida da Europa Occidental no século XIX destrúen as sociedades tradicionais. Neste contexto, tanto en Alemaña coma en Francia e dentro do escenario de nacionalismo fechado finisecular vese o “xudeu” como un individuo sen raíces que socava toda a estabilidade social. O antisemitismo⁷ laico conxuga a condena do liberalismo, a do capitalismo e a do socialismo en todas partes. O sentimento de decadencia, a crenza no complot, o chamamento ao salvador e á raza que han rexenerar a nación dan conta do grande éxito de *La France juive* de Drumont en 1886, así como a recepción que atopa o alemán Treitschke en 1879, cuxo slogan ha ser recollido polos nazis: “Os xudeus son a nosa desgraza!”. A finais do século XIX, ese inzarse do racismo é unha forma da crise europea da modernidade. Xa que logo, o xudaísmo europeo vese nunha contradición esencial da que non é consciente. Ao mesmo tempo que no período de constitución da nación se emancipa o xudeu para integralo dentro da cultura nacional, tamén se vai forxando a súa exclusión. O antisemitismo convértese no elemento cohesionador da nación no momento preciso en que os xudeus botan abaixo os muros intelectuais do gueto.

Nos albores do século XX, unha corrente de pensamento occidental rexeita a herdanza das Luces. A natureza, desigual e violenta, só coñece relacións de forza. A xustiza e os “dereitos humanos” son “ilusións humanitarias”⁸. O racismo e o darwinismo social fustrigan a democracia, contemplada como un “réxime de febles” onde o xudeu é como un heraldo porque é considerado a antítese do instinto e da forza. Este antisemitismo laico superponse ao antigo antixudaísmo cristián: as dúas formas de rexeitamento coexisten nunha Europa Occidental na que avanza a secularización e o laicismo. Con todo, alí onde o rexeitamento relixioso vixiaba, proscribía e procuraba a conversión dos xudeus, o rexeitamento “científico”, exclúeos radicalmente.

A “nova dereita” de finais de século inspírase nos traballos de Charles Darwin aplicándolles ás ciencias humanas a noción de organismo vivo. Segundo este darwinismo racial, a supervivencia do máis apto implica a apoloxía da violencia. A selección natural convértese nun dogma lexitimado pola “ciencia”, outórgalle credibilidade ao capitalismo salvaxe, ao colonialismo e ao imperialismo moderno. Tal discurso aprende que só a tradición e a raza constrúen unha nación. O xudeu queda excluído disto porque el é o símbolo mesmo da razón e do andar errante. Para esta visión biolóxica do mundo, a selección é o concepto clave da historia, sendo a raza e o sangue as únicas verdades deste mundo, mentres que a igualdade

⁷ A palabra foi creada en 1879 en Alemaña onde tres anos despois tivo lugar o 1º Congreso Antisemita.

⁸ G. Vacher de Lapouge en 1890: “Entón non existen os dereitos humanos, como tampouco existen os dereitos da tatuaxe a tres bandas nin do xibón sindáctilo nin do cabalo que se ensela nin do boi que se come (...). A idea mesma de dereitos é unha ficción. Tan só existen as forzas.”

entre os homes resulta ser unha quimera. O xudeu non ten un lugar neste neopaganismo, e non hai nada que poida reducir a oposición fundamental entre as dúas “razas”, a semítica e a aria, nin por medio da conversión nin por medio da “mestura”. A teima da dexeneración e a obsesión milenarista da fin dos tempos converten este antisemitismo pagán no alicerce do discurso racista.

Lonxe de circunscribirse ao horizonte xermánico, esta cultura atinxe a Europa Occidental, esténdese cara á Europa escandinava e aterra en América do Norte. A lóxica euxenésica vén sendo unha das súas formas: os crimes dos médicos nazis escureceron a cobizosa semente da ideoloxía euxenésica, iniciada por Glaton, Pearson e outros a finais do século XIX. O feito de que se distinga entre eugenismo positivo (mellorar a especie humana) e o eugenismo negativo (restrinxir o dereito á procreación e á vida para unha parte da mesma, só resulta satisfactorio en aparencia. En realidade, existe unha lóxica de selección que guía os dous movementos para confluír no século XX no cuestionamento do estatuto mesmo de ser humano para unha parte da humanidade.

Nestes finais do XIX e dende unha punta a outra de Europa baixo formas diferentes, o rexeitamento dos xudeus fóra das nacións establecidas exacerbase ao mesmo tempo que toma forma o pulo do irracionalismo que mina as bases mesmas do século das Luces. Resulta simbólico a este respecto que coincidan en tempo e lugar a violencia do caso Dreyfus, que marca o seme fracaso de asimilación dos xudeus en Francia, e a redacción en París do apócrifo político máis célebre do antisemitismo, *Les protocoles des Sages de Sion*, levado a cabo pola policía do tsar.

II.- Os xudeus de Europa no período de entreguerras

Non existe *unha* única condición xudía na Europa de entreguerras. Gañan os factores de diferenza sobre unha suposta unidade problemática. Porque a modernidade urbana, democrática e laica, aséstalle severos golpes á tradición, principalmente no Leste, onde o mundo do *shtetl*⁹ se esfarela pouco a pouco.

Cando acaba a Primeira Guerra Mundial, Europa conta cuns nove ou dez millóns de xudeus. Os seus fogares sitúanse en Polonia (tres millóns), en Romanía (un millón) e na URSS (arredor de tres millóns). O proceso de emancipación comezara coa Francia revolucionaria en 1791, pero aínda non se completara en 1919, con todo, realizáranse avances reais considerábeis. No resto de Europa as datas clave deste proceso son: Gran Bretaña 1858, Austria 1866, Hungría 1867, Alemaña 1871, Rusia 1917, por non citar máis cás situacións máis significativas.

⁹ Organización territorial con moita poboación xudía no mundo ruso-polonés.

A heteroxeneidade das condicións xudías en Europa débese a varios factores: a antigüidade da emancipación, a penetración da modernidade política, a importancia do proceso de laicización, o vexo da tradición relixiosa e/ou lingüística (yiddish en Europa Central e Oriental, sefardí nos Balcáns), e para concluír, a forza do rexeitamento antisemita. Dende mediados do século XIX o mundo xudeu europeo, canda o resto do continente coñeceu un forte crecemento demográfico¹⁰ que alimentou tanto as migracións internas como a emigración ultramarina cara aos Estados Unidos. Estas migracións tamén nutriron as comunidades xudías da Europa Occidental, de Alemaña, do Reino Unido e sobre todo de Francia que segue a ser para os xudeus do *shtetl* un ideal político (os “dereitos humanos”) e un remanso de seguridade. Foxen da miseria, da persecución e dun futuro limitado cando non precario, de aí que estes emigrantes sexan aínda máis numerosos durante o período de entreguerras. Pero a súa integración segue a ser fráxil durante os anos vinte, nun momento en que se asiste a un aumento case xeral da xenofobia e do antisemitismo.

A prol da crise xeral, insírese por veces no seu debe o cuestionamento da integración dos xudeus na sociedade da Europa Occidental. Agora ben, o mundo xudeu occidental, intensamente gañado para a modernidade política e cultural, foi perdendo aos poucos pero de xeito irremediábel a cohesión da comunidade, garantida até daquela pola tradición. “Dentro da casa xudeu e fóra dela, cidadán”: a fractura inaugurada pola Francia de Napoleón foi triunfando progresivamente.

No período de entreguerras a reserva espiritual e demográfica do xudaísmo sitúase entre Polonia, Hungría, Romanía e Rusia. Este mundo, estremecido polos pogroms rusos de 1881-1882 (que aceleraron as saídas cara ao Oeste) e unha sucesión de agresións abertas, foi pouco a pouco gañado para a modernidade das Lucas ou Ilustración (*Haskala*)¹¹. Ábreanse horizontes diferentes ao da escola talmúdica e ao *shtetl* para a mocidade xudía: o sionismo (primeiro Congreso, 1897), a autonomía cultural (creación do movemento socialista *Bund* en 1897) e o socialismo revolucionario, ao tempo que abrocha unha efervescencia cultural en yiddish, en hebreo e en cadansúa lingua nacional local.

En Polonia, nun medio marcado pola precariedade e a violencia aberta (pogroms de 1919-1921), cando non miseria social, desenvólvese entre 1925 e 1935 unha extraordinaria vitalidade cultural e política, que se manifesta nos douscentos cincuenta xornais xudeus que se publican regularmente, na edición anual de centos de obras en hebreo e en yiddish que se mantén no 80 % dos casos como lingua materna dos xudeus poloneses.

¹⁰ Por exemplo, o caso da Galicia polonesa-xudía en que o número de persoas da comunidade xudía pasa dunhas trescentas mil persoas en 1800 a novecentas mil en 1900.

¹¹ As “Lucas do interior” que nacen cara a 1740 na comunidade xudía de Berlín.

Pero esta minoría cultural e relixiosa, socialmente desequilibrada (abraiante maioría de artesáns e pequenos comerciantes) vese acareada a unha hostilidade que se exacerba malia a igualdade de dereitos recoñecida en 1921. Perpétranse cerca de cento cincuenta pogroms entre 1935 e 1936. Dous anos despois o partido no poder considera que os xudeus “frecan o desenvolvemento normal” do Estado polonés. Noutros lugares, en Europa Central e Oriental, o éxito do nazismo inflúe nos movementos antisemitas que realizan campañas para que se lles retire aos xudeus os seus dereitos civís, como por exemplo, en Bulgaria, en Romanía e en Hungría, lugar este onde se promulgan leis raciais.

No período de entreguerras, a Rusia soviética constitúe o segundo gran fogar do xudaísmo europeo. O imperio ruso mantivera unha serie de medidas discriminatorias até o seu definitivo derrubamento (“zona de residencia”¹² dende o Báltico até o mar Negro, máis de cento cincuenta leis e decretos de carácter antisemita); en abril de 1917, a Revolución derrógaas na súa totalidade. O poder bolxevique confirma en 1917 e tamén en 1918 o estatuto de igualdade dos xudeus cos demais pobos da futura unión, mais dende antes da súa vitoria na guerra civil, pretende exercer a súa tutela nesta emancipación. O *Bund* disólvese en 1919 e o movemento sionista entra na clandestinidade. Durante os anos vinte prohibíase a edición de libros e xornais en hebreo, fécense tamén as escolas talmúdicas e as sinagogas. Cómpre subliñar que esta acción insírese dentro do marco máis xeral da loita antirrelixiosa.

Para acelerar a integración¹³ de preto de tres millóns de xudeus soviéticos, o partido bolxevique crea en 1918 unha sección xudía (*Yevseksia*) que coordina dende 1925 unha actividade cultural de grande envergadura. Pero no contexto xeral da represión que se abate sobre todo o país dende decembro de 1934 rabénanse as institucións xudías (creadas polo propio PC –partido comunista-) a través do terror masivo e por veces con intensas connotacións antisemitas. A partir de 1935 inténtase desestabilizar mediante persecución a actividade cultural en yiddish prohibindo a publicación dos seus xornais.

O *shtetl* desaparece cara a finais dos anos trinta e a integración debilítase como o testemuña a existencia do antisemitismo popular que vai sendo relevado cada vez máis polo antisemitismo da cúpula do poder estatal.

¹² Creada por Catarina II no século XVIII e fixada en 1804.

¹³ O intento soviético por crear en 1928, en Birobixán (Asia Oriental), unha “república autónoma xudía” que axiña acaba en fracaso.

III.- Xudeus e Alemáns: Simbiose mítica e verdadeiro rexeitamento

A tradición antixudía en Alemaña é violenta (*cfr.* As primeiras Cruzadas, século XI). Non hai máis que remitirse ao milenarismo medieval que anuncia un mundo “purgado de xudeus” ou *judenrein*, e as visións apocalípticas que amosaban o masacre dos xudeus como a primeira condición de felicidade para a humanidade. Tamén nos podemos remitir á violencia do discurso de Lutero para quen un xudeu é unha mácula da que cómpre purificarse.

No entanto, a partir do século XIII, o xudaísmo alemán coñece unha apertura económica, social e tamén intelectual: a Ilustración da *Haskala* pretende casar cultura alemá e xudaísmo. Nunha nación en formación como Alemaña que decide a emancipación dos seus xudeus bastante tarde, en 1871 (o decreto prusiano de 1812 segue a estar illado), moitos xudeus intentan realizar a simbiose entre as dúas tradicións¹⁴ atraídos pola modernidade política e cultural da revolución francesa. A integración favorecida pola *Haskala* tamén dá conta da amplitude da vida intelectual xudía en Austria. Pero o rexeitamento vai unido a este avance e así, en 1896, Viena elixe como alcalde a Karl Lueger, un personaxe caracterizado pola súa profesión de fe política a prol do antisemitismo.

Nesa época catrocentos setenta mil xudeus do II Reich vense abocados a afrontar a emerxencia dun potente movemento antisemita. O imperialismo alemán e mais o panxermanismo fúndanse sobre unha concepción da nación ben diferente da que prevalece na Francia republicana. Alí a nación non é un acordo que se establece entre cidadáns libres que se saben membros dunha comunidade de destino, senón que é unha emanación da raza, do sangue e da terra; isto é, unha “loita pola vida” que esmaga as etnias máis febles. O racismo, que exalta a forza e a selección, converte o “particularismo xudeu” en centro das súas preocupacións. Estas teses inspiran tanto a liga panxermanista (1891) como a meirande parte da sociedade alemá que polo menos dende Iena (1806) ve no antisemitismo unha función de cohesionador nacional. O xudeu é o chibo expiatorio que axuda a forxar unha identidade colectiva¹⁵ e a criticar a orde social sen necesidade de invocar a loita de clases. “A cuestión social é a cuestión xudía”¹⁶, afirma Otto Glagau¹⁷.

¹⁴ De feito, no transcurso do 1º Congreso Sionista de Basilea en 1897, houbo dúas linguas oficiais, o alemán e o hebreo.

¹⁵ Alén da proclamación do II Reich, o *Xudeu* axudou a unir os elementos dispares da nación alemá.

¹⁶ Esta non é especificamente alemá. *Cfr.* en Francia o antisemitismo anticapitalista de Toussenel (*Les juifs, rois de l'époque*, 1844), de Proudhon, de Drumont, etc.

¹⁷ Ao que Bebel, un dos fundadores do socialismo alemán, responde que “o antisemitismo é o socialismo dos imbéciles”.

Deste xeito o antisemitismo é parte interesada tanto na crise do nacionalismo alemán como no rexeitamento do mundo urbano e industrial. Dan conta disto o florecemento dos movementos de xente nova como *Wandervogel* (paxaros migratorios) cara aos comezos de 1900. A exclusión dos xudeus cataliza en Alemaña os desarraigamentos nacionalistas e as angustias da modernidade.